

## Modificación do RRI da Facultade de Matemáticas (2022)

Beatriz Pateiro López, secretaria da Facultade de Matemáticas,

CERTIFICA que a Xunta de Facultade do día 26 de xaneiro de 2022 acordou aprobar a proposta de modificación do artigo 26.2 do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Matemáticas, no que se inclúe, na composición da Comisión do Título do Grao en Matemáticas (Comisión delegada da Xunta de Facultade), á/ao secretaria/o da Facultade.

O artigo 26.2 do Regulamento de Réxime Interno quedaría redactado como segue:

“2. A Comisión do Título de Grao en Matemáticas estará formada conforme o que se estableza na norma xeral aplicable da USC ou, no seu defecto, por:

- a) A/o decana/o ou persoa en quen delegue, que a presidirá.
- b) A coordinadora ou coordinador académica/o do título que será PDI do título.
- c) Unha/un secretaria/o, que será elixida/o entre os membros da comisión.
- d) A/o responsable de calidade do centro (RCC).
- e) A/o responsable Académica/o de Mobilidade (RAM).
- f) A/o responsable da unidade de xestión de centro e departamentos da Facultade.
- g) Unha representación do PDI e do estudantado da Xunta de Facultade distribuída do seguinte xeito:
  - i.-As/os directoras/es de departamento con sede no Centro.
  - ii.-A/o secretaria/o da Facultade, sempre que sexa PDI.
  - iii.-Unha/un representante por cada unha das áreas de coñecemento de departamentos con sede no centro e tales que o número de créditos que estas impartan no título de Grao en Matemáticas sexa superior ó 10% do número de créditos de que consta este. No cómputo anterior, non se contabilizarán os TFGs nin as prácticas en empresas. As/os mencionadas/os representantes serán propostas/os polo departamento.



iv.-Un PDI/PIF membro da Xunta de Facultade en representación das áreas de coñecemento de departamentos sen sede no centro, se os houbese, e das áreas que, estando nun departamento con sede no centro, non figuren incluídas no apartado ii). A/o representante será elixida/o na Xunta de Facultade por e de entre os membros deste sector.

v.-Tres estudantes matriculadas/os no Grao en Matemáticas que sexan membros da Xunta de Facultade, elixidos por e de entre os membros deste sector”.

Do que se dá traslado á Secretaría Xeral da USC para a súa tramitación.

Santiago de Compostela, a 27 de xaneiro de 2022

